



A partir de agora, os deputados deberán asinar unha solicitude cada vez que teñan dereito a esa indemnización

A Mesa do Parlamento elimina o pagamento automático de quilometraxe aos deputados

- A reforma entrará en vigor con carácter inmediato
- Rojo Noguera agarda que esta reforma contribúa a poñer en valor o traballo dos deputados e despexe calquera dúbida a honorabilidade dos lexisladores
- O Parlamento de Galicia sitúase entre as catro cámaras autonómicas máis baratas de España e xestiona o orzamento máis baixo dos parlamentos das comunidades históricas

Santiago, 2 de marzo de 2010.- A Mesa do Parlamento de Galicia aprobou hoxe, por unanimidade, a proposta formulada pola presidenta da Cámara, Pilar Rojo Noguera, que endurece as condicións para a percepción das indemnizacións por desprazamento ás que teñen dereito os deputados autonómicos galegos, eliminando o pagamento automático.

Con esta reforma, que entrará en vigor mañá mesmo, anúlase o sistema baseado no pagamento automático que se efectuaba a partir dos datos facilitados por cada deputado ao inicio da lexislatura nunha declaración xurada. Coa nova norma, cada un dos deputados deberá solicitar a indemnización expresamente, e por escrito, cada vez que participe nun acto parlamentario, sempre e cando teña dereito a esa percepción e se desplace no seu vehículo desde o domicilio declarado como habitual.

O documento prevé, ademais, que aos deputados que non teñan ou non poidan utilizar vehículo propio, se lles aboarán os

gastos que lles xenere o seu traslado, que en ningún caso poderá exceder dos gastos que lle corresponderían pola utilización de vehículo propio, previa xustificación documental.

Este acordo foi proposto días atrás pola presidenta do Parlamento aos portavoces dos grupos parlamentarios, que apoiaron a medida como paso previo á súa aprobación hoxe, na Mesa da Cámara. De todos os xeitos, unha vez aprobado pola Mesa da Cámara, a presidenta do Parlamento deu conta do acordo na Xunta de Portavoces celebrada posteriormente.

O novo modelo de indemnización por quilometraxe substitúe ao vixente na actualidade e que tamén veñen utilizando outros parlamentos autonómicos, como Castela-A Mancha, Estremadura, Murcia, Castela e León, A Ríoxa e Valencia.

Poñer en valor o traballo parlamentario

Rojo Noguera agarda que coa reforma aprobada hoxe contribúa a poñer en valor o traballo desenvolvido polos deputados que integran a Cámara lexislativa galega e despexe calquera dúbida sobre a honorabilidade dos seus membros.

Os datos do ano 2009 revelan que, comparando o orzamento de cada cámara autonómica co da súa respectiva Comunidade Autónoma, o Parlamento de Galicia, atópase (xunto con Castela-A Mancha, Andalucía e Madrid) entre os catro con menos orzamento no conxunto do Estado, segundo acredita o cadro comparativo que se axunta.

Obsérvase tamén que o Parlamento de Galicia é, comparando co das restantes Comunidades históricas, o de menor orzamento. Hai que puntualizar que o cadro que se acompaña recolle datos de 2009 e, no que respecta a Galicia, inclúe o presuposto conxunto do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo.

O presuposto desagregado específico do Parlamento de Galicia para o ano 2010 redúcese nun 5,29%, ao pasar de

19.557.200 euros de 2009 a 18.523.560 euros programados para 2010, o que supón un recorte de 1.033.640 euros en termos absolutos.

CUADRO NÚM. 1

PRESUPUESTOS 2009 (1)					
COMUNIDAD AUTÓNOMA	PRESUPUESTOS GENERALES DEL ESTADO Y DE LAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS	PRESUPUESTO PARLAMENTO (2)	%	NÚMERO DIPUTADOS	COSTE POR DIPUTADO
CORTES GENERALES (Congreso y Senado)	384.520.090.000,00 €	237.109.450,00 €	0,06%	Congreso: 350 Senado: 264	386.171,74 €
ANDALUCÍA	33.764.000.040,00 €	53.390.043,00 €	0,16%	109	489.816,91 €
ARAGON	5.837.825.850,00 €	24.443.032,00 €	0,42%	67	364.821,37 €
ASTURIAS	4.494.186.270,00 €	15.621.900,00 €	0,35%	45	347.153,33 €
BALEARES	3.558.897.075,00 €	16.689.989,00 €	0,47%	59	282.881,17 €
CANARIAS	7.667.438.980,00 €	27.915.389,00 €	0,36%	60	465.256,48 €
CANTABRIA	2.495.028.507,00 €	8.957.521,00 €	0,36%	39	229.680,03 €
CASTILLA LA MANCHA	9.399.053.790,00 €	13.355.000,00 €	0,14%	47	284.148,94 €
CASTILLA Y LEÓN	10.584.541.700,00 €	33.069.229,00 €	0,31%	83	398.424,45 €
CATALUÑA	30.251.967.930,00 €	77.217.944,00 €	0,26%	135	571.984,77 €
EXTREMADURA	5.769.444.330,00 €	16.645.771,00 €	0,29%	65	256.088,78 €
GALICIA	11.792.823.090,00 €	21.519.000,00 €	0,18%	75	286.920,00 €
LA RIOJA	1.328.645.880,00 €	7.217.970,00 €	0,54%	33	218.726,36 €
MADRID	19.984.596.410,00 €	31.268.370,00 €	0,16%	120	260.569,75 €
MURCIA	5.136.746.158,00 €	13.572.575,00 €	0,26%	45	301.612,78 €
NAVARRA	4.301.755.030,00 €	17.133.362,00 €	0,40%	50	342.667,24 €
PAIS VASCO	10.498.228.810,00 €	31.745.000,00 €	0,30%	75	423.266,67 €
VALENCIA	14.747.458.550,00 €	41.506.020,00 €	0,28%	99	419.252,73 €

(1) Cuadro elaborado con las cifras publicadas por el Ministerio de Economía y Hacienda y las Comunidades Autónomas.

(2) Los presupuestos de los parlamentos incluyen a veces el de los comisionados parlamentarios integrados en la misma sección presupuestaria.

Reducción de salarios

Recorda o Parlamento de Galicia o compromiso coa austeridade que caracteriza a actual Lexislatura, nun contexto de crise económica que levou a reducir o orzamento da institución. A primeira medida adoptada pola actual Mesa do Parlamento, en materia de retribucións, consistiu en reducir nun 3% os salarios dos deputados para o ano 2010.

Ademais, o presuposto desagregado específico do Parlamento galego para 2010 reduciuse nun 5,29%, ao pasar de 19.557.200 euros de 2009 a 18.523.560 euros programados para 2010, o que supón un recorte de 1.033.640 euros en termos absolutos.

No marco desta política de contención do gasto, unha das primeiras medidas impulsadas pola presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, consistiu na implantación dun plan de austeridade que permitiu reducir os gastos do Parlamento 1,7 millóns de euros no último cuadrimestre do ano 2009.

Rojo Noguera insiste en que a austeridade seguirá a ser, no futuro, a liña mestra da xestión da Cámara galega en tódolos aspectos.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.